

SEMINARIO WEB

DESINSTITUCIONALIZACIÓN: Unha lectura do momento actual

Patricia Blanco
Xerente da Federación Autismo Galicia





*Toda persoa ten dereito a vivir na comunidade,
coas mesmas oportunidades e a non ser obrigada
a vivir nun sistema de vida específico.*

Principio que atravesa a CDPD (2006), a CDN (1989) e os estándares internacionais de dereitos humanos



VISION BOARD

O MEU FOGAR

- Ter unha cama só para min
- Que non entren sen chamar
- Gardar as miñas cousas sen que as toquen
- Escoller a cor das miñas paredes algún día

O MEU TEMPO

- Poder durmir ata tarde un domingo
- Comer cando teño fame, non cando toca
- Ver a tele o que quero eu
- Que non me digan cando apagar a luz

A MIÑA FAMILIA

- Chamar á miña nai cando me apeteza
- Que veñan a verme sen pedir permiso
- Pasar o Nadal na casa
- Que non me digan co que podo falar

SAÍR Á RÚA

- Ter a chave da porta
- Ir ao bar eu só
- Coller o autobús sen avisar a ninguén
- Dar un paseo cando me pete

OS MEUS CARTOS

- Saber canto teño na conta
- Gastar en algo que eu queira
- Comprar a roupa que me gusta
- Que non me pidan explicacións de cada euro

RELACIÓNS


- Ter amigos fóra do centro
- Poder quedar con alguén sen pedirlo a nadie
- Ter parella se quero
- Que a miña vida amorosa sexa miña

TRABALLO

- Ter un traballo de verdade, non un taller
- Cobrar un soldo normal
- Que o currículo non poña o nome do centro
- Que me contraten polo que valgo

DECISIÓNS

- Decidir eu o que como e o que visto
- Elixir o meu médico
- Que non me pregunten se "estou preparado"
- Que as miñas opinións conten



Internacional | Diversos tratados e acordos internacionais sobre dereitos humanos (CDPD, 2006; CDN, 1989; entre outros)

Europa | Carta Social Europea, Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, Marco europeo para a transición cara servizos comunitarios

España | Estratexia Estatal para un novo modelo de coidados na comunidade (2024 - 2030)

Galicia | Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia

Que é (e que non é) a desinstitucionalización?

Modelos institucionais presentan 3 características principais:

- 1** Segregación da contorna comunitaria
- 2** Respostas estandarizadas
- 3** Limitación da capacidade de decisión das persoas

Que é (e que non é) a desinstitucionalización?

NON É

Pechar centros sen alternativas

Deixar as persoas sen apoios

Trasladar a carga ás familias,
maioritariamente mulleres

SI É

Transformar o modelo de atención

Construír apoios comunitarios reais
e diversos

Garantir opcións vitais adaptadas
a cada persoa



Cambiar o nome do centro non é cambiar o modelo.

Residencias de maiores que se chaman «vivendas» pero agrupan 80 persoas. Centros de menores que mudaron o cartel pero non a lóxica. Sen transformar o modelo de atención, non é desinstitucionalización.



O erro histórico que non debemos repetir

SECUENCIA EQUIVOCADA

Pechar institución
→ buscar alternativas
→ urxencias, rúa,
familias saturadas

SECUENCIA CORRECTA

Construír rede comunitaria
→ planificar transición
por persoa e colectivo
→ pechar con garantías

5 condicións para que funcione de verdade

01

Investir antes de pechar

Non desmantelar o que existe sen ter outra opción.

02

Diversificar dispositivos

As necesidades dunha persoa maior son diferentes ás dun mozo que sae de protección.

03

Planificación centrada na persoa

Transición individualizada, con tempo e equipos de referencia.

04

Coordinación administrativa

Servizos sociais, sanidade, vivenda, emprego: enfoque unificado por persoa non por sistema.

05

Terceiro sector como axente clave

Participación real no deseño de políticas, para todos os colectivos. No só consulta formal.

Galicia: avances reais, retos pendentos

QUE TEMOS

- Iniciativas de vivenda con apoio en varios colectivos
- Proxectos de transición comunitaria
- Marco normativo estatal favorable
- Fondos europeos dispoñibles para transformar o modelo

QUE FALTA

- Os grandes modelos residenciais seguen sendo hexemónicos
- Sen alternativas comunitarias
- Ritmo desigual entre colectivos e territorios (rural)
- Ausencia de datos sistemáticos para avaliar o avance

Galicia: avances reais, retos pendentes

NIVEL ORGANIZATIVO

- Transformar os seus modelos de atención
- Incorporar sistemas de avaliación centrados en resultados persoais
- Desenvolver respostas máis flexibles e adaptadas

Este proceso require tempo, investimento e acompañamento.

NIVEL PROFESIONAL

- Apoios centrados na persoa
- Promoción da autodeterminación
- Traballo comunitario e en rede

O cambio aquí non é só metodolóxico, senón tamén cultural.



*A desinstitucionalización en Galicia non é só un reto técnico.
É o camiño cara a algo moi concreto:*

Preguntarnos se queremos un sistema centrado na xestión de recursos ou un sistema centrado na garantía efectiva de dereitos e proxectos de vida.



O que pedimos desde o sector

QUE O RITMO O MARQUEN AS PERSOAS E AS SÚAS NECESIDADES, NON OS PRAZOS ADMINISTRATIVOS NIN ORZAMENTARIOS

O PAPEL CLAVE DAS ENTIDADES SOCIAIS,
COMO AXENTES DE TRANSFORMACIÓN, NON SÓ DE PROVISIÓN DE SERVIZOS.

MEDIR, AVALIAR, PLANIFICAR: SEN DATOS DESAGREGADOS POR COLECTIVO NON HAI POLÍTICA

DEFINIR: MODELO DE FINANCIAMENTO, PLANIFICACIÓN TERRITORIAL, CONCEPTUALIZACIÓN DA CALIDADE